

O Concello volverá repartir leña polo San Xoán para evitar a contaminación das praias

O carril bici entre Santa Cruz e Mera estará rematado nos vindeiros meses

Páxina 4



Concello de  Oleiros

O orzamento municipal para 2017 supera os 27 millóns

Páxina 10

Vivir en Oleiros

Número 55
Abril 2017
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

O presidente toureiro saíu pola porta grande en Perillo



Unha ordenanza municipal impide a proliferación de alpendres por todo o territorio

Páxina 9

Oleiros esixe xustiza e paz para Palestina

Páxina 11

As protestas na N-VI forzan ao Goberno central a incluír unha partida de 2,2 millóns no orzamento para iniciar a obra de Sol y Mar

■ A constancia de Goberno municipal, veciños e medios de comunicación dá os seus froitos. Logo de numerosas xestións, protestas e mobilizacións para demandar unha solución aos graves problemas de tráfico e seguridade viaria existentes na intersección de Sol y Mar, o orzamento do Estado para o 2017 incorpora unha partida de 2,2 millóns de euros para contratar a obras este mesmo ano. O documento tamén proxecta unhas partidas de 4 millóns no 2018 e de 6 millóns no 2019 para rematar a actuación. O Concello de Oleiros puxo gratuitamente a disposición do Ministerio de Fomento o solo urbano preciso para abordar este proxecto, logo de chegar a acordo co propietario, e estará alerta ata a contratación desta obra.

Páxina 5

O Concello saca á venda 21 parcelas municipais

Os terreos adquiridos gratuitamente, a través da xestión do planeamento das novas urbanizacións que se foron creando por todo o concello, encóntranse á venda cunhas magníficas condicións para os posibles compradores. Están dotados de todos os servizos e atópanse nos mellores lugares do municipio. O vindeiro 3 de maio remata o prazo de presentación de ofertas.

Páxinas 12 e 13

Múltiples actividades para celebrar o Día das Letras

Páxina 19

Como saber onde está todo en **Oleiros**

AXENDA
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

Unha romaría singular e distinta: sábado 8 de xullo na Finca Tenreiro

Achégase o verán, aumentan as ganas de pasalo ben e por iso queremos convidarte a que participes na romaría que organizamos o sábado 8 de xullo na Finca Tenreiro. Temos a seguridade de que será unha xornada moi agradable de convivencia e troula, aberta á participación de todas as persoas que así o desexen.

Despois de moitos anos celebrando a cea anual de Alternativa dos Veciños no Mesón de Pastoriza, decidimos achegar

esta festa ao noso concello, nunha data na que se puidera facer ao aire libre, coa intención de facilitar a participación da veciñanza. Tendo en conta o anterior escollemos ese gran parque público que é a Finca Tenreiro, en que por certo xa gozamos dunha xornada similar hai un par de anos.

Esta romaría, igual que o era a cea de Pastoriza, é unha festa aberta a todas as persoas que desexen pasar un día singular e distinto na

Finca Tenreiro. Como xa é sabido, en Alternativa dos Veciños non temos carnés, polo que calquera que simpatice coa maneira de traballar e de actuar do noso grupo de seguro que atopará neste encontro unha grata compañía.

A entrada será libre e aberta a todos os veciños e veciñas non só de Oleiros, senón tamén doutros municipios limítrofes nos que tamén estamos a traballar arreo. Cada quen será libre de traer a comi-

da que estime oportuna, de facela alí mesmo se o prefire, de organizarse por grupos... Haberá mesas e cadeiras, polbeira e bochinche. O baile tamén estará garantido con músicas en directo.

A medida que se vaia achegando a data, iremos informándovos e dando máis detalles. Pero xa podeades ir marcando a data nas vosas axendas. O sábado 8 de xullo vémonos na Finca Tenreiro!



Partido Popular de Oleiros / Grupo Municipal do PP no Concello de Oleiros

Os plumachos do Alcalde

O noso Alcalde e o seu equipo de goberno non deixan de amosarnos a súa inigualable valía en materia de atención e xestión dos asuntos importantes do noso Concello, proba disto, é que todo o que xestionan ten un coste para os veciños de dúas ou tres veces máis do que debería.

Neste caso vén ser un tema moi laureado polo noso Alcalde, que vai deixar un sobre custo e un traballo engadido grazas as malas decisións tomadas na tempada estival do ano pasado.

Oleiros, como outros concellos da contorna, viuse afectado pola proliferación da chamada "herba da pampa", máis coñecidos como *plumachos*. No verán pasado diferentes propostas da Xunta de Galicia en materia de medio ambiente tentaron poñer fin proliferación desta planta, que afecta negativamente ás plantas autóctonas da nosa contorna. Con todo, o noso Alcalde nun alarde propio da súa sabedoría, contraponéndose á opinión de diferentes técnicos medioambientais e ás recomendacións

que lle fixeron dende a Xunta de Galicia, decidiu realizar una queima masiva da planta no noso Concello. Esta decisión que viña desaconsellada polos especialistas por ser a máis perniciosa, dado que provoca unha expansión da semente da planta e un crecemento reforzado desta, foi a tomada como medida urxente e estelar polo noso Alcalde o pasado verán. Una vez máis o Alcalde tirou de ocorrencia, sen pensar no mellor para a veciñanza e sobre todo sen ter

en conta o prexuízo posterior, tanto económico como medioambiental. Como noutras moitas materias, non escoitar e tomar decisións baseadas unicamente na súa teimosía, só serve para que nós, a veciñanza, teñamos que pagar constantemente un sobre custo, ademais de provocar un traballo extra e unha contratación adicional que sae sempre das contas do Concello. Nesta ocasión son "os plumachos do Alcalde" os que nos van saír moi caros ao conxunto dos oleirenses.



Grupo Municipal Socialista / Grupo Municipal PSdeG - PSOE no Concello de Oleiros

O Partido Socialista de Oleiros impartirá unhas charlas informativas sobre a devolución da plusvalía municipal

Os socialistas de Oleiros planificaron a realización dunha serie de charlas informativas sobre as repercusións da sentenza do Tribunal Constitucional sobre o IIVTNU, máis coñecido como Plusvalía Municipal. Nestas charlas trataremos de infor-

mar á veciñanza sobre a situación actual do imposto, o alcance e o ámbito de aplicación da citada sentenza, así como das súas posibles implicacións, e analizaremos as posibilidades que abre para que, nos casos en que proceda, solicitar

a devolución das cotas tributarias. Prevese así a realización de, polo menos, tres charlas en diferentes puntos do Concello, en datas comprendidas entre a última semana do mes de abril e as tres primeiras do mes de maio.

Realizaranse preferentemente os venres pola tarde.

Será o propio portavoz socialista, Jorge Pérez, o relator das charlas, que terán un carácter práctico, ameno e accesible para todas as persoas que asistan.



Bloque Nacionalista Galego / Voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Oleiros

A necesidade de repensar Santa Cristina

Durante anos Santa Cristina foi unha zona residencial e de lecer privilexiada, especialmente no verán e nas fins de semana. Hoxe este núcleo, que segue a ser un dos máis poboados de Oleiros e un dos máis visitados no verán, esmorece entre o abandono e a indiferenza. Algúns locais comerciais, pechados e abandona-

dos, teñen convertidas as súas entradas en verdadeiros vertedoiros de lixo incontrolado. Esa sensación de abandono, de parálise, contáxiase á rúa: falta de limpeza e de iluminación, difícil accesibilidade (pensando nas persoas con mobilidade reducida)... A apertura do Parque José Martí ou a do Centro Cultural A Fábrica

foron as dúas últimas grandes actuacións municipais na zona. Diso vai máis dunha década.

O BNG convocou hai unhas semanas unha primeira asemblea veciñal aberta. Deste primeiro contacto, coa veciñanza e o empresariado que resiste como pode, saíron algunhas primeiras ideas

que deben dar nun plan de actuacións deseñado globalmente para devolverlle a Santa Cristina parte do seu perdido dinamismo. Hai potencial, e non debe ser desaproveitado. A zona segue a ser, cada época estival e mesmo cada xornada de bo tempo, o primeiro escaparate, que teñen de Oleiros milleiros de visitantes.

EDITORIAL

• Mexan por nós e din que chove!

◆ O Goberno acaba de presentar os Orzamentos Xerais do Estado e, como adoita ser habitual nestes últimos anos, Galicia -especialmente a Comarca da Coruña- non sae ben tratada. As palabras do Ministro de Facenda anunciando novos tempos de progreso, onde a crise xa é un conto chinés do pasado grazas a súa boa xestión; acompañanse de pequenas esmolos e continuas promesas de futuro que ao final, son os verdadeiros contos chineses.

A caída da inversión en equipamento e infraestruturas para a nosa comarca durante o segundo mandato de Zapatero e os dous de Rajoy é indignante. Malia disto, temos que aturar como os congresistas dun eu doutro plumaxe só se lembran de nós cando hai votos de por medio. Nas eleccións mercan o voto para colocarse nas súas cómodas poltronas de Madrid e, unha vez elixidos, non se lles volve ver o pelo, non sexa que ao pedir para a comarca da Coruña se lles cabreen os baróns doutras latitudes. Non debemos esquecer que as súas señorías son deputados de todo o Estado e mentres tanto, aqueles que mellor se sitúan na foto arramplan con todo para os seus feudos.

Ao coro de congresistas estatais hai que sumarlle os coristas e o Goberno de segundo nivel, que

sempre supoñemos máis pregados ás necesidades da súa terra, pero que ao final andan entredidos en regueifas internas para manter podios e portavocías, esquecéndose de para que foron elixidos. Mentres o director do coro galego se dedica a afinar aos seus para que non desentoen cos do señor Rajoy, Galicia é relegada e esquecida: Onde está o urxente dragado e a recuperación ambiental da ría do Burgo?, Onde a anunciada ampliación da Ponte da Pasaxe e a ampliación da Avenida Alfonso Molina?, E os accesos por ferrocarril ao porto exterior?, Que sabemos do Vial 18 entre Culleredo e Arteixo?, A recuperación da praia de Sada?, A ampliación Mesón da Auga - Iñás (N-VI)?, As obras no Sol y Mar? e un longo etcétera.

Ata cando deixaremos de sufrir o maltrato dun Goberno que ten un dos seus principais soportes no sufrido, enganado e produtivo pobo galego? A enerxía de España prodúcese en Galicia, mais pagámola máis cara que en Madrid. Somos exportadores de recursos para a metrópole que rematan asignados ao corredor do Mediterráneo, mentres a nós dinnos desde hai lustros que non hai cartos para o AVE galego.

Mexan por nós e din que chove!



Avanza a construción do carril bici entre Santa Cruz e Mera ▶

◆ O carril bici que conectará as localidades de Santa Cruz e Mera, e que dará continuidade ao xa existente entre a ría da Pasaxe e Santa Cruz, atópase na segunda fase da súa construción. Esta nova actuación consistirá na pavimentación e axardinamento do tramo entre Arillo e Mera e na creación da beiravía e do carril bici na marxe esquerda desde Santa Cruz ata a casa do pobo de Dorneda. Precisamente para poder realizar os traballos nesa última parte, foi preciso chegar a un acordo cos veciños propietarios de dous nichos no cemiterio de Dorneda que se metían na estrada. Foron desprazados cara ao interior do camposanto, pactado previamente cos seus donos.



A rúa Mioporos será ampliada para mellorar a seguridade de peóns e condutores ▼



◆ Unha vez rematadas as obras dos aparcadoiros detrás da praia de Bastiagueiro, o Concello de Oleiros acometerá a ampliación da rúa Mioporos que actualmente, nalgúns puntos, non ten máis de 3 metros de ancho. A estreiteza desta vía ocasiona un grave risco tanto para os peóns que camiñan por esta rúa como para os automobilistas que circulan cos seus vehículos. O Goberno municipal solicitou dos propietarios lindeiros a cesión do solo, ao que accedieron todos.

■ A senda costeira que conectará o miradoiro da capela de Santa Ana coa zona verde de Canide, nas inmediacións da praia de Portelo, estará aberta aos veciños e veciñas a finais do verán. A construción dunha ponte sobre os cantís nun tramo deste novo paseo marítimo dificulta a execución desta obra que estivo paralizada durante varios anos por parte da Dirección Xeral de Costas, que era quen tiña o compromiso de realizala.



■ O campo de fútbol municipal de Iñas xa está preparado para a práctica deportiva por parte dos equipos do concello. Nos vindeiros días rematarán as tarefas de remodelación dos vestiarios e pavimentación do vial de acceso ao campo. Tamén está previsto que comencen de inmediato as obras de construción dunha grada cuberta que deixará o recinto totalmente equipado.

O Concello de Oleiros pon a disposición do Ministerio de Fomento o solo preciso para realizar as obras da N-VI en Sol y Mar ▶

◆ O alcalde, Ángel García Seoane, chegou a un acordo co propietario da finca ladeiraira coa N-VI, antes da intersección de Beiramar-Agramar, para que cedese gratuitamente os 1.400 metros cadrados de solo urbano precisos para ampliar a calzada. O Ministerio de Fomento deberá levar a cabo agora, sen desculpas e sen máis dilacións, as obras de ampliación da estrada, a construción de beirarrúas e a ordenación do tráfico coa glorieta e o paso subterráneo. A cesión permitirá o derrubamento das murallas existentes sen ningún custo para as arcas municipais.



O Goberno local consegue que a Xunta se comprometa a contratar a rotonda de Santa Cruz este ano ▶

◆ Despois das xestións realizadas desde o Concello de Oleiros, os representantes autonómicos comprometéronse a contratar a construción da rotonda de Santa Cruz no segundo semestre do ano. O Concello de Oleiros, malia tratarse dunha vía autonómica, expropiou os terreos precisos para a creación da rotonda, redactou o proxecto para a construción da glorieta e acometerá a desgasificación do solo nas vindeiras semanas -que terán que pagar Distribuciones Taula e Cepsa-.

O Goberno municipal tamén acordou coa Consellería de Infraestruturas que a Xunta de Galicia entregue ao Concello de Oleiros a titularidade da avenida Ernesto Che Guevara, ata o parque Luis Seoane, e da rúa Rosalía de Castro, despois de asfaltar ambas estradas.



As obras da depuradora do Xunqueiro ascenden a 148.715,07 euros ▶

◆ A urbanización O Xunqueiro, construída antes da democracia, tiña un problema grande desde hai tempo ao verter directamente ao mar as augas residuais. Aínda que non conta cun número moi elevado de vivendas, esta obra eliminará definitivamente o único punto existente en Oleiros que vertía ao mar sen depuración previa.



O Concello mellora a accesibilidade das persoas con mobilidade reducida en Perillo ▶

◆ Nas vindeiras semanas comezarán as obras para a eliminación de barreiras arquitectónicas en varias rúas da localidade de Perillo. Está previsto a eliminación de bordos e a creación de rampas para garantir a accesibilidade das persoas con mobilidade reducida nunha actuación conxunta en toda a zona da urbanización Cavamontes. En total, destinaranse máis de 60.000 euros a estas actuacións.



Canide conta cunha zona de xogos infantís completamente nova ▶

◆ Desde hai varias semanas, os nenos e nenas de Maianca dispoñen dunha renovada zona de xogos na urbanización Canide. Cambiouse totalmente o chan e instaláronse novos aparellos para o seu lecer. O investimento final superou os 60.000 euros.



A Finca Tenreiro segue mellorando o seu aspecto



◆ Para garantir a seguridade dos numerosos elementos arquitectónicos singulares que acubilla a Finca Tenreiro, o Concello de Oleiros está a rematar os traballos de construción dun muro de cachotería para o que se está a empregar a pedra do antigo muro e outra nova, pero de similares características e aspecto. Para rematar o peche, colocaranse unhas forxas pola parte superior.

Xunto con estes traballos, o segundo obradoiro de emprego para o acondicionamento da Finca Tenreiro rematou con importantes avances na rehabilitación desta valiosa propiedade pública. Os traballos efectuados permitiron a demolición e reconstrución dunha vivenda existente na finca e a mellora do estanque que ocupa a zona central da parcela.

O alcalde logra outros 100.000 euros na Deputación para rematar as beirarrúas entre Santa Cruz e Abeleiras



◆ O alcalde e deputado provincial, Ángel García Seoane, logrou que o organismo provincial destine unha partida de 100.000 euros para contratar a última fase das obras de construción de beirarrúas na estrada que conecta Santa Cruz con Meirás. Completados xa os primeiros tramos desta actuación, con esta nova actuación as zonas que están a medio facer na localidade de Dorneda quedarán listas. O Goberno local logra mellorar así a seguridade das persoas que transitan polas marxes desta estrada de titularidade provincial.

Renóvase a iluminación do peirao de Santa Cristina ▼



◆ Nestes días estanse a efectuar os traballos de renovación da iluminación na zona do peirao de Santa Cristina. O Concello de Oleiros viuse obrigado a acometer esta actuación debido a que a iluminación existente anteriormente foi esnaquizada polos vándalos. Cabe destacar que se trata dunha zona moi transitada por centos de persoas no seu tempo de lecer.

Comezan os trámites para a creación de novos equipamentos culturais e deportivos en Bastiaqueiro



◆ O pleno do Concello de Oleiros acordou solicitar á Deputación da Coruña a cesión de 107.000 metros cadrados, na contorna do estadio do INEF, para que pasen a ser propiedade municipal. A maioría deste solo está calificado polo Plan Xeral como zona verde e outra parte está destinada a zona de equipamentos sociais, deportivos e culturais. Na actualidade, o Concello xa dispón de 21.000 metros cadrados nesa zona, nos que foron construídos o aparcadoiro e as pistas de monopatín. No caso de que esta cesión sexa aceptada, o Goberno municipal pretende sanear e ordear todo o ámbito e crear novos equipamentos, tanto para o INEF como para o Concello.

O Pazo de Xaz entrará en funcionamento como hotel en datas próximas ▼



◆ Remataron as obras de adaptación do Pazo de Xaz para convertilo nun hotel. Ao mesmo tempo, tamén se recuperaron as antigas caballerizas e bodegas que servirán de sede do futuro campo de golf.

A superficie afectada polo Plan parcial de Xaz abrangue unha área de 1.100.000 metros cadrados dos que o Concello de Oleiros pasará a ser propietario de máis de 300.000, que serán destinados a equipamentos sociais e deportivos e a zonas verdes para o lecer. A administración local tamén posuirá o 10% do solo das futuras vivendas.

O Concello adquirirá un local en Mera para actividades sociais e deportivas ►

◆ O Concello de Oleiros ten previsto pechar nos vindeiros días a adquisición dun local de 220 metros cadrados na praza da Lagoa para que poida ser utilizado por parte das entidades da localidade de Mera. O Concello de Oleiros ten un acordo coa entidade propietaria do local, que o venderá por 115.000 euros.

O alcalde está agora pendente de que Xunta de Galicia contribúa economicamente a esta operación xa que ao non permitir usar a Casa do Mar aos veciños de Mera provocou unha situación que deixou á Asociación de Veciños de Maianca sen local no que realizar as súas actividades. Para a adecuación do local son necesarios outros 100.000 euros.



Portos de Galicia pretende cobrarlle ao Concello unha taxa portuaria por un acto que non organizou

◆ Portos de Galicia pretende liquidar unha taxa portuaria ao Concello de Oleiros polo desenvolvemento da Festa da Centola que organizou, por segundo ano consecutivo, a Confraría de Pescadores de Lorbé o pasado mes de novembro na explanada do porto. Logo de recibir o requirimento de Portos, o Concello comunicou que nada tiña que ver coa organización da Festa da Centola, nin coa súa situación, dado que é un evento que organiza exclusivamente a confraría. A pesar diso, o director de Portos resolveu novamente impoñerlle ao Concello as taxas pola celebración da festa os días 19 e 20 de novembro de 2016, manifestando que é un feito probado que non admite discusión.

Tampouco tería sentido que se lle cobrase ningunha taxa á Confraría de Pescadores de Lorbé por usar un espazo que é deles para realizar unha feira coa que se pretende divulgar unha actividade relacionada co seu oficio e a súa vida.

■ Unha ampla representación do Partido Popular estivo na Festa da Centola. Na foto, Rosa Quintana, conselleira do Mar, e Tristana Moraleja, voceira do grupo municipal popular. ►



Profesionais da electricidade rouban 10 farois led en Iñás



◆ Os delincuentes volveron actuar sobre o mobiliario público e levaron 10 farois da rúa da Silva, na urbanización A Xesta. O roubo foi realizado por profesionais da electricidade e non por persoas que se dedican á venda de chatarra. Empresas sen escrúpulos utilizan as luminarias, e moitos outros elementos do patrimonio público, para instalalos en fincas privadas.

O custo de reposición das luminarias roubadas e dos cables que os ladróns cortaron para realizar a manobra está valorado nuns 5.000 euros. Ademais hai que engadirlle os gastos de instalación. Para evitar este tipo de sucesos, é moi importancia que ante calquera acontecemento fóra do habitual que se produza na vía pública se chame á Policía Local 981 610 001.

Quixeron matalo pero non o conseguiron ▼

Un delincuente ecolóxico ataca unha árbore de máis de 70 anos en Santa Cristina



◆ Un veciño envelenou recentemente un tileiro de máis de 70 anos que se atopa na entrada de Santa Cristina, na zona verde situada entre a rotonda do dolmen e a rúa do Inglés. É evidente que o terrorista ecolóxico non vive moi lonxe do lugar dos feitos. Para perpetrar este acto, utilizou un taladro co que fixo un burato no tronco da árbore polo que introduciu o veneno.

Para poder sancionar os delincuentes que atacan as árbores do noso municipio é preciso que sexan denunciados pola cidadanía. Este tipo de persoas non son dignas de vivir en Oleiros e a súa actividade delitativa debe ser castigada. Un veciño do Carballo foi sancionado recentemente con 6.000 euros por uns feitos similares.

Un inventario recollerá os postes ruinosos e mal situados ▼



◆ O Concello de Oleiros está facendo un inventario de postes de electricidade en estado ruinoso. Tamén se están a incluír aqueles que ocupan espazos no medio da vía pública e que afectan tanto ao tráfico de vehículos como ao tránsito de persoas.

Así mesmo, estase a recoller o número de liñas de media e alta tensión que atravesan Oleiros para determinar as taxas correspondentes que tería que pagar Gas Natural Fenosa correspondentes que tería que obrigue á compañía eléctrica a soterrar as redes

ao Concello polo uso do espazo público. Tamén se instará á Consellería de Industria para que obrigue á compañía eléctrica a soterrar as redes eléctricas nos núcleos urbanos, de acordo coa lexislación vixente.



Nas vindeiras semanas será demolida unha nova casa abandonada

◆ O Concello de Oleiros ten requirido ao propietario desta vivenda na rúa Hedreira a súa demolición. No caso de que non a realice nas próximas semanas, será o Concello o que o faga pasándolle o correspondente gasto aos donos do inmovible. Ademais do grande abandono que presenta a casa, a maleza ten invadida toda a parcela co conseguinte risco de incendio. Diversos veciños e veciñas trasladaron as súas queixas polo estado no que se atopa esta casa.

Unha ordenanza municipal pon freo á lei de destrución masiva da paisaxe da Xunta de Galicia

◆ O pleno do Concello de Oleiros aprobou a Ordenanza municipal reguladora de instalacións para apeiros de labranza no solo clasificado como rústico. Esta nova norma urbanística, creada polo Goberno municipal, impedirá a construción de chabolos ao amparo da lexislación autonómica. A Lei do Solo de Galicia, aprobada recentemente pola Xunta, permite que a través dunha simple comunicación previa calquera cidadán poida construír un galpón na súa propiedade. Para frear a posible proliferación de chabolos e evitar a degradación da paisaxe oleirense, o Goberno municipal elaborou unha ordenanza compatible coa normativa autonómica, o planeamento urbanístico e os dereitos dos cidadáns que regula a características e condicións para o establecemento de pequenas instalacións para os apeiros de labranza no solo clasificado como rústico. O Concello realizará un control estrito para evitar o chabolismo.




■ As casetas terán unha dimensión máxima de 111 x 88 x 196 cm

O Goberno do PP impide a inclusión de novas infraestruturas e servizos no orzamento municipal

■ A Lei "Montoro" segue a limitar os investimentos en novas obras e servizos de concellos totalmente saneados, como o de Oleiros

◆ O pleno do Concello de Oleiros acordou a aprobación do orzamento municipal para o ano 2017 o día 9 de febreiro. O investimento total é de 27.210.125 euros, o que supón un incremento de máis do 4,5% en relación ao do exercicio anterior. Malia que a situación económica do concello é boa e que o importe podería ser máis elevado, a Lei "Montoro" aprobada polo Goberno central do Partido Popular impide aos concellos un crecemento económico acorde aos recursos dispoñibles. A lexislación actual establece topes para os novos investimentos e impide abordar máis servizos e obras, a pesar da capacidade financeira do Concello.



OBRAS E SERVIZOS A REALIZAR NO 2017

■ Ampliación beirarrúa en rúa Miraflores e reposicións da rede de auga:	45.000 euros
■ Reparación beirarrúas na rúa Xuncal e reposicións da rede de auga:	60.000 euros
■ Construción beiravía peonil na rúa Bartolomé das Casas:	200.000 euros
■ Renovación de beirarrúas e das redes de servizos municipais na rúa Rosalía de Castro:	250.000 euros
■ Rede de saneamento na rúa Benito Feijoo:	40.000 euros
■ Nova rede de auga Sarro- avenida Espoz y Mina:	200.000 euros
■ Mellora da rede de abastecemento de auga no lugar de Campamento (Iñás):	180.000 euros
■ Mellora da iluminación na rúa Xuncal:	10.000 euros
■ Mellora da iluminación Rúa Repicho:	12.500 euros
■ Renovación de puntos de luz no Paseo de Santa Cristina e pintado de farolas:	15.500 euros
■ Renovación da iluminación na rúa Pardo Conchado:	12.500 euros
■ Mellora da iluminación no Camiño de Abruño:	4.500 euros
■ Redacción do proxecto do campo de fútbol de Dorneda:	20.000 euros
■ Reurbanización da rúa O Repicho:	36.000 euros
■ Instalación de 30 marquesiñas:	80.000 euros
■ Construción de almacén na II República:	24.000 euros
■ Melloras na Casa do Pobo de Iñás:	50.000 euros
■ Melloras na Casa do Pobo de Lorbé (pintado exterior, ascensor, almacén e patio cuberto):	112.000 euros
■ Melloras nos locais de Río da Loba (portas, fiestras, pintado exterior, canalóns e cuberta):	45.000 euros
■ Melloras na planta baixa da Casa do Pobo de Nós:	8.000 euros
■ Melloras no Castelo de Sta Cruz:	64.000 euros

■ Pintado da Casa do Pobo de Dexo:	35.000 euros
■ Adecuación das naves de Iñás para sede de Protección Civil:	200.000 euros
■ Acondicionamento do antigo edificio do Banco Pastor para as oficinas de Facenda municipal:	60.000 euros
■ Rehabilitación do Pazo de Arenaza como espazo de coworking:	250.000 euros
■ Parque de Bastiagueiro pequeno (1ª fase):	50.000 euros
■ Redacción do proxecto e obra da grada do campo Leonardo Maceira:	115.000 euros
■ Renovación do pavimento da pista polideportiva de O Seixal:	36.000 euros
■ Renovación do pavimento do pavillón Arsenio Iglesias de Santa Cruz:	32.000 euros
■ Realización de grada cuberta no campo de fútbol de Iñás:	153.400 euros
■ Ampliación da rúa Mioporos:	20.000 euros
■ ASFALTADO DE RÚAS E CAMIÑOS:	2.525.196 euros

• Avenida das Américas	• Rúa Peredo-Castro de Xaz
• Rúa dos Niños	• Rúa Camposeiras
• Rúa Tierno Galván	• Rúa Curruncho
• Rúa Areosa	• Rúa Espiño
• Rúa Garduña	• Rúa Pexegueiro
• Rúa Mesón da Auga	• Rúa Seixo
• Rúa A Seara	• Rúa Mapoulas
• Rúas da Urbanización O Valiño	• Rúa da Luz
• Rúa Portela	• Rúa Laxeiro
• Rúa do Campo	• Rúa Benito Viceto
• Rúas da Urbanización O Xunqueiro	• Rúa Avelino Cachafeiro
• Rúa Pardiñeiro	• Rúa Faro
• Rúa As Covas	• Rúa Cova
	• Rúa de Abella

OUTRAS OBRAS E SERVIZOS

- Cuberta da pista polideportiva da Casa do pobo de Dorneda: 105.000 euros * A INCLUÍR NO SUPERÁVIT
- Beirarrúas e pasos de peóns en Lorbé, entre a Casa Méndez e o linde con Sada * DEMANDADA Á XUNTA DE GALICIA
- Beirarrúas en Lamastelle, As Pedreiras e Cristo Rey * DEMANDADA Á XUNTA DE GALICIA

Oleiros reclama xustiza e paz no Día da Terra Palestina ▼



◆ O embaixador Palestino en España, Musa Amer Odeh, o alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, a artista Najla Shami, o alumnado do IES María Casares e máis dun cento de veciños e veciñas participaron no acto de celebración do Día da Terra Palestina que organizou o Concello de Oleiros na praza de Belén. Autoridades, mozos, mozas e varios asistentes ao acto participaron na plantación dunha oliveira coa que se pretende simbolizar a amizade entre o pobo palestino e o pobo de Oleiros.

Durante as súas intervencións, o embaixador, o alcalde e Najla Shami denunciaron a situación na que se atopa o pobo palestino. Todos

eles reivindicaron a necesidade de xustiza e paz para rematar coa ocupación e co asoballamento que padecen os palestinos por parte do exército israelí.

O Goberno municipal denunciou e denunciará constantemente a situación á que o Estado de Israel, coa complicidade e apoio dos demais gobernos de Occidente, ten sometido ao pobo Palestino. De feito, son numerosas as campañas e programas de cooperación internacional desenvolvidos ao longo dos anos desde Oleiros para apoiar á poboación palestina. Na propia urbanización de Canide, onde tivo lugar o acto, as rúas e prazas teñen nomes de cidades desa nación.

O Goberno municipal segue impulsando programas de cooperación para apoiar ás persoas refuxiadas

◆ O Concello de Oleiros, a través do Servizo Municipal de Emerxencias, formará a un grupo de rescatadores da ONG Proem-Aid que se dedica ao rescate de refuxiados, principalmente sirios, nas augas do mar Mediterráneo. A actividade consistirá nunhas xornadas prácticas, nunha das praias do municipio, nas que o persoal municipal ensinará técnicas de rescate acuático e de manexo de embarcacións rápidas.

A ONG Proem-Aid presta axuda ás persoas que fuxen da fame e da guerra dos seus países polo mar. Mediante lanchas neumáticas, auxilian e rescatan á persoas que se atopan en grave risco por viaxar hacinadas a bordo de ruinosas embarcacións sen alimentos, bebida nin roupa de abrigo.

Iniciativa conxunta a través do Fondo Galego ▶

No mes de xaneiro, ante as baixas temperaturas que estaban a apadecer as persoas refuxiadas que empregan a ruta dos Balcáns, o Concello de Oleiros e as demais institucións que forman o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade achegaron 10.000 euros ao Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados (Acnur) para dotar de artigos coma roupa, mantas e estufas ás persoas solicitantes de asilo en centros de acollida de Serbia, en coordinación co goberno do país e cos seus parceiros locais.

Este tipo de axudas non son a solución, que debe chegar desde as altas instancias políticas. As medidas restritivas impostas pola Unión Europea deben substituírse por accións que atallen as causas do conflito, en cuxo cerne están os intereses xeopolíticos dos países máis poderosos. Igualmente, debe erradicarse todo tipo de comportamento ou movemento xenófobo nos países acolledores.



Aberto o prazo para a adquisición de parcelas municipais

■ O Concello de Oleiros sacou á venda 21 parcelas de propiedade municipal adquiridas gratuitamente a través da xestión do planeamento das novas urbanizacións que se foron creando por todo o concello. Os solares están situados en Mera, Bastiagueiro, Perillo, Iñás e Oleiros.

◆ As parcelas están dotadas de todos os servizos e dependendo da súa calificación permiten a construción de vivendas unifamiliares, illadas ou pareadas, e naves para usos industriais. A licitación será por medio de poxa pública. O prazo de presentación de ofertas remata o día 3 de maio. De quedar deserto o concurso, poderán ser adquiridas polo prezo establecido no prazo de 6 meses.

Para a venda destes solares elimináronse varias cláusulas existentes anteriormente que condicionaban demasiado ás persoas compradoras e que as obrigaban a cumprir prazos de construción, a constituír avais, etc... Así mesmo, os prezos tamén foron reducidos considerablemente.

Todos os prezos indicados inclúen o IVE ▼

PARCELAS PARA CONSTRUIR 1 VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA



■ **IÑÁS:**
Avenida Espoz
y Mina, 1
▶ 537,5 metros
113.269,31 euros



■ **MERA
(Punxeiro)**
Rúa Trovadores, 3
▶ 488,32 metros
97.035,35 euros



■ **CANIDE:**
Rúa Sabra, 2
▶ 544,29 metros
133.720,73 euros



■ **CANIDE:**
Rúa Sabra, 4
▶ 544,29 metros
127.645,02 euros




■ **CANIDE:**
Rúa Sabra, 6
▶ 544,29 metros
127.645,02 euros



■ **CANIDE:**
Rúa Sabra, 8
▶ 544,29 metros
127.645,02 euros



■ **CANIDE:**
Rúa Sabra, 10
▶ 544,29 metros
127.645,02 euros



■ **OLEIROS:**
Rúa Chile, 1
▶ 313 metros
76.580,48 euros



■ **OLEIROS:**
Rúa Chile, 3
▶ 313 metros
76.580,48 euros



■ **OLEIROS:**
Rúa Chile, 7
▶ 294 metros
71.932,13 euros



■ **OLEIROS:**
Rúa Ecuador, 26
▶ 313 metros
76.580,48 euros



■ **PERILLO
(Carballido):**
Rúa Cubelos, 10
▶ 202,40 metros
(proindiviso)
103.459,40 euros



■ **CANIDE:**
Rúa Palestina, 34
▶ 162,90 metros
(proindiviso)
39.012,24 euros



■ **GALERAS:**
Rúa Romardeiro, 11
▶ 139,10 metros
(proindiviso)
81.680,87 euros

PARCELAS PARA CONSTRUIR 1 VIVENDA UNIFAMILIAR PAREADA



■ **CANIDE:**
Rúa Palestina, 9
▶ 271,50 metros
86.135,06 euros



■ **CANIDE:**
Rúa Palestina, 11
▶ 280,70 metros
89.053,18 euros



■ **CANIDE:**
Rúa Palestina, 13
▶ 308,40 metros
97.843,29 euros



■ **CANIDE:**
Rúa Palestina, 15
▶ 318,40 metros
101.015,22 euros

PARCELAS PARA CONSTRUIR 5 VIVENDAS UNIFAMILIARES PAREADAS



■ **OLEIROS:**
Rúa Francisco
Llorens, 7
▶ 992,50 metros
338.368,61 euros

Todas as parcelas atópanse situadas nos mellores lugares do municipio.

PARCELAS PARA USO INDUSTRIAL



■ **POLÍGONO IÑÁS:**
Rúa Fonte do Ouro
▶ 225 metros
(proindiviso)
44.899,47 euros



■ **POLÍGONO IÑÁS:**
Rúa Fonte do Ouro
▶ 101 metros
(proindiviso)
20.154,87 euros

As escolas municipais de danza e música xa teñen calendario de matriculación para o vindeiro curso

◆ Para o vindeiro curso 2017-2018 téñense previsto ofertar un total de 380 prazas para a Escola de Danza e 440 para a Escola de Música. Os actuais alumnos e alumnas das escolas municipais de danza e música xa teñen aberto o prazo de renovación das súas prazas. O novo alumnado poderá facer a preinscrición ata o 26 de abril. No caso da nova escola de teatro haberá un prazo especial de matrícula no mes de setembro.

Para realizar a renovación e as novas matrículas, as persoas interesadas deberán dirixirse ás secretarías de ambas escolas de 17:00 a 20:00 horas. Para máis información poderán chamar ao teléfono 981 639 155 da Escola Municipal de Danza, e ao teléfono 981 639 143 da Escola Municipal de Música.

A CONTRATACIÓN O SERVIZO FORMATIVO DE DANZA E TEATRO

Nos vindeiros días sairá a contratación o servizo educativo e formativo da Escola Municipal de Danza e Teatro. O importe do contrato ascende a 332.250,12 euros anuais.



■ A ampliación da Escola Municipal de Danza xa está practicamente rematada. As obras permitirán ampliar o número de aulas de danza e albergar a Escola Municipal de Teatro.

Obradoiros de hip-hop e un espectáculo na Fábrica para celebrar o Día Internacional da Danza



◆ O Concello de Oleiros oferta un obradoiro de hip-hop que terá lugar na Escola Municipal de Danza o día 29 de abril ás 11:30 horas. Todas as persoas maiores de 9 anos que o desexen poden apuntarse na secretaría da escola, en horario de 16:00 a 20:00 horas.

Tamén haberá obradoiros de hip-hop en todos os centros de ensino secundario públicos durante a última semana de abril, coincidindo co Día Internacional da Danza. O propio 29 de abril, ás 18:30 horas, terá lugar o espectáculo A Orixe no auditorio da Fábrica.

O Concello volverá poñer leña a disposición da cidadanía para evitar a contaminación das praias

◆ O Concello porá máis de 100 metros cúbicos de madeira a disposición dos veciños e veciñas que queiran facer as súas fogueiras de San Xoán nas praias para evitar a contaminación da area con puntas, resortes, vidro e outros obxectos que poden ocasionar tanto contaminación medioambiental como danos físicos ás persoas usuarias dos areais. A leña repartirase principalmente na praia de Bastiaqueiro, aínda que tamén estará dispoñible en menor cantidade en Santa Cristina e Mera.

Para evitar a queima de palés, sofás, mobles, colchóns, restos de obras ou calquera tipo de residuo que poida conter cravos, realizarase un importante despregamento de Policía Local e Protección Civil que impedirá o acceso ás praias con ese tipo de elementos. Tamén estará prohibida a introdución de botellas de cristal ou calquera tipo vidro.

Como todos os anos, é obrigatorio solicitar a correspondente autorización no Concello de Oleiros para realizar unha larada, sexa esta na praia e ou en calquera outro lugar. As normas e a solicitude pode descargarse na web municipal e deberá ser entregada cuberta e asinada no Rexistro.



As persoas maiores de 60 anos saborearán a historia galega no Ven e Descubre! 2017

■ O programa de excursionismo e sendeirismo Ven e Descubre! é unha das actividades máis agardadas de todas cantas participan os veciños e veciñas de Oleiros maiores de 60 anos. Como todos os anos, ofértase unha ampla programación de excursións e rutas de sendeirismo baixo o lema "Sabor a historia" que permitirá facer unha importante percorrido pola xeografía galega.

◆ En total ofértanse 2.420 prazas para as 18 excursións e as 14 rutas de sendeirismo, dúas delas de fin de semana. As excursións dun día inclúen transporte, equipo de monitores, seguros e visitas e teñen un custo de 7 euros por persoa. As rutas de fin de semana tamén inclúen aloxamento, almorzo, comida e cea e o seu prezo é de 50 euros. As persoas interesadas en participar nestas actividades poden informarse no 981 610 000 ou na web municipal www.oleiros.org.

Excursións ▼

- **A industria do mar en Galicia: Ruta por terras de Bueu**
A conquista do mar, patrimonio marítimo e industrial.
- **Entre castrexos e romanos: Desde Lugo a Viladonga**
Un lugar clave para coñecer e comprender a época galaico-romana.
- **Ruta irmandiña: Polas terras de Melide e Pambre**
Lugares onde se viviron un dos episodios máis importantes de Galicia, "A revolta irmandiña"



Sendeirismo ▼



- **Camiños con historia: Oleiros**
Camiños que levan a lugares onde grandes mulleres, no século XIX, reclamaron reformas legais, dereitos sociais, políticos e acceso á educación para as mulleres.
- **Camiño da República: A Fonsagrada**
Un espectacular itinerario de montaña con alto interese paisaxístico, histórico e natural.
- **Vello lugo agrario: Santa Eulalia de Bóveda e o Veral**
Desde un dos lugares máis enigmáticos de Galicia, por camiños rurais de chousas e corredoiras.
- **Ruta vikinga: Catoira**
Camiños naturais do río Catoira e ruta fluvial das Torres do Oeste, vestixios da historia vikinga en Galicia.
- **As Médulas: Arqueoloxía na Gallaecia**
Fin de semana no Bierzo nun espazo natural e cultural "Patrimonio da humanidade".

No mes de maio haberá charlas sobre seguridade dirixidas a toda a poboación ▼

◆ Varias localidades do municipio acollerán as charlas informativas do Plan Maior de seguridade. Un grupo de axentes especialistas da Garda Civil serán os encargados de informar ás persoas maiores para tentar alertar dos riscos que existen e previr dos roubos, enganos e timos máis habituais. As persoas maiores son un colectivo especialmente vulnerable polo que deben extremar as precaucións no seu domicilio, na rúa, cando vaian ás entidades bancarias, nas súas viaxes e en internet. Nestes últimos meses puidemos coñecer casos de roubos nos seus propios domicilios enganados por persoas que se facían pasar por familiares lonxanos, persoal do catastro ou de entidades subministradoras de enerxía ou auga...

CALENDARIO DE CHARLAS

■ Perillo	Casa da Cultura	Luns 8 de maio	16:30 h
■ Santa Cruz	Centro Social	Martes 16 de maio	17:00 h
■ Oleiros	Casa Charry	Xoves 18 de maio	18:00 h
■ Nós	Casa do Pobo	Venres 19 de maio	16:00 h
■ Dexo	Casa do Pobo	Xoves 1 de xuño	16:00 h



PARTICIPA!

O Acordes consegue o campionato de España de ximnasia estética na máxima categoría ▶

◆ O Club Acordes non deixa de colleitar éxitos. O pasado 9 de abril, o equipo senior proclamouse campión de España de ximnasia estética en Cataluña. É o primeiro título estatal que consegue este club oleirense na máxima categoría, un logro importantísimo que pon de manifesto o excelente traballo desenvolvido tanto polas adestradoras como polas ximnastas. Esta primeira praza tamén lles outorga a clasificación directa para o vindeiro Mundial que se celebrará no mes de maio en Finlandia. Ademais desta importantísima vitoria, no mes de febreiro participaron no Campionato do Mundo, en Estonia, e foron décimas.



Silvia Lage acada a medalla de bronce no campionato de España de Judo ▼



◆ A judoka do Judo Club Oleiros logrou unha destacada medalla de bronce no campionato de España de Judo sub-21 celebrado recentemente en Madrid. Despois deste gran triunfo, Silvia seguirá acumulando competicións para tentar sumar os puntos precisos que lle permitan clasificarse para o Campionato de Europa. Pola súa parte, Lucía Rodríguez tamén completou unha grande actuación neste campionato de España pero caeu en cuartos de final.



A selección española de voleibol convoca ao oleirense Dani Torres ▼

◆ Dani Torres, do Club Voleibol Oleiros, foi convocado pola selección española sub-17. O bo facer deste novo xogador defendendo a camiseta do club oleirense serviu para que os técnicos do combinado español se fixaran nel. Se todo lle sae ben, Dani podería formar parte do equipo que participará na clasificación para o Campionato de Europa de Voleibol sub-17 que se celebrará no mes de xullo en Turquía.



O Acuatric Oleiros triunfa en Madrid ◀

◆ O club Acuatric Oleiros conquistou o III Torneo de Mejorada del Campo de Natación Sincronizada, unha competición na que compartiron piscina cos mellores equipos de toda España. As 11 nadadoras oleirenses que formaron a expedición do Acuatric a terras madrileñas teñen entre 13 e 15 anos. Esta importante vitoria pon de manifesto, unha vez máis, o magnífico traballo que están a desenvolver desde esta entidade que conta cunhas 130 nadadoras.

María Armesto proclámase campioa de España de atletismo ▼

◆ A atleta oleirense María Armesto proclamouse campioa de España de 400 metros en pista cuberta en categoría veterana. Ademais de superar a todas as súas rivais, conseguiu bater o récord galego existente ata ese momento. No mesmo campionato, o tamén oleirense Santiago Represas foi terceiro nos 60 metros lisos na categoría xuvenil.



A traíñeira de Mera consegue grandes resultados na súa primeira experiencia en Cantabria e Euskadi ▼



◆ O deporte do remo e das traíñeiras goza dunha magnífica saúde en Oleiros grazas ao impulso que lle dan os dous clubs do municipio: o Club Regatas Perillo, con grandes triunfos no pasado e cunha actividade moi importante e numerosos deportistas, e o Centro Deportivo Mariñeiro de Mera, que desde hai uns anos tamén está a traballar de xeito extraordinario. Precisamente os de Mera participaron hai unhas semanas en dúas prestixiosas regatas que tiveron lugar na localidade cántabra de Astillero e na ría de Bilbao. Os remeiros merachos competiron a un gran nivel fronte ás mellores tripulacións do Estado e foron quintos en Cantabria e décimos en Euskadi.

Nace o Club Salvamento Oleiros ▼

◆ Un grupo de socorristas do municipio, todo eles vencellados ao Servizo de Salvamento e Socorrismo do Concello de Oleiros, fundaron hai escasos meses unha nova entidade deportiva sen ánimo de lucro para a práctica lúdica e competitiva do salvamento. Ademais da participación en probas deportivas, o Club Salvamento Oleiros pretende ser unha ferramenta para a promoción de hábitos de vida saudables, a difusión de conductas cívicas nos contornos acuáticos e a divulgación da importancia dos primeiros auxilios.

AXENDA DEPORTIVA ▼



■ V Trofeo Concello de Oleiros de Natación Sincronizada

- **Data:** Domingo 23 de abril
- **Lugar:** Piscina do Inef

Un total de 473 nadadoras pertencentes a 11 equipos enfrontaranse nesta competición coa que o Concello de Oleiros pretende promover e difundir a natación sincronizada no municipio.



■ XXVIII Triatlón Concello de Oleiros

- **Data:** Sábado 13 de maio, ás 16:00 h
- **Lugar:** Mera (saída, transicións e chegada ao parque da Lagoa)

Os 200 deportistas que participarán nesta proba terán que completar 750 metros de natación, 21 quilómetros de bicicleta e 5,5 quilómetros de carreira a pé. Este espectacular triatlón está aberta a todas as categorías a partir de cadetes.



■ V Trofeo de Ximnasia Rítmica Concello de Oleiros

- **Data:** Sábado 17 de xuño
- **Lugar:** Pavillón A Rabadeira

Máis de 200 ximnastas procedentes de toda Galicia, ademais das anfitroas do Club de Ximnasia Acordes de Oleiros, compiten nas probas federadas das categorías benxamín, alevín, infantil e júnior.

O bailarín oleirense Ignasi Colominas é seleccionado para a Royal Ballet School de Londres ▼



◆ Ignasi Colominas, de tan só 14 anos, foi seleccionado para participar nun curso intensivo de danza na prestixiosa Royal Ballet School británica. O bailarín oleirense poderá formarse durante dúas semanas en Londres, nun centro dirixido a danzaríns profesionais. Ignasi Colominas iniciouse no ballet con tan só 7 anos, na Escola Municipal do Concello de Oleiros e formouse ao longo de todo este tempo na academia municipal.

O prometedor cociñeiro meracho Borja Villares gaña un importante concurso a nivel estatal



◆ Borja Villares foi o vencedor do prestigioso Concurso Nacional de Jóvenes Cocineros de Segovia. Unha selección dos 70 mellores artistas noveis da cociña aspiraban a obter este recoñecido galardón. Todos os participantes tiñan que elaborar de primeiro prato fígado de pato, de segundo lombo de bacallau e un doce con refresco de cola. As creacións de Villares foron elixidas polo xurado como as mellores do certame.

Unha publicación recolle os textos gañadores do Premio Literario Descubrindo Oleiros ►

◆ O 1 de marzo entregáronse na Fábrica os premios da terceira edición do Premio Literario Descubrindo Oleiros, onde ademais de agasallar a Iria Granell Tascón, Alba Barreiro Gutiérrez, Susana Fariña Sánchez, Ada Agrasar Valcárcel e Celtia Río Santos presentouse a publicación que recolle os relatos gañadores das tres edicións.

Esta actividade púxose en marcha hai xa tres anos co obxectivo de promover a lingua e dar a coñecer o municipio. A través de cada un destes textos podemos ver a creatividade e a calidade da nosa mocidade, o coñecemento que teñen os rapaces e rapazas do noso territorio e o cariño co que debuxan e describen os espazos municipais. Para dar a coñecer estas historias, todos os estudantes de Oleiros de 3º de primaria a 3º de ESO van recibir esta publicación como agasallo polo Día do Libro.



O estudantes do María Casares compiten no Club de Debate ◀

◆ Alumnos e alumnas do IES María Casares participaron na fase de zona do Club de Debate en Carballo. Esta actividade está organizada polos Servizos de Normalización Lingüística de varios concellos galegos, entre eles o de Oleiros, para promover o uso oral da lingua, o espírito crítico, a tolerancia e o traballo en equipo.

O IES María Casares competía contra os equipos dos institutos de Teo, Vedra, Ferrol e Carballo. Os estudantes oleirenses amosaron as súas dotes de convicción, aínda que o máis importante foi a implicación, a convivencia, o uso da palabra e o respecto aos demais. Nesta fase de zona participaban nove equipos e só dous pasaban á final, os gañadores foron o CPI Plurilingüe de Vedra e o IES Leixa.

O alumnado do IES Miraflores prepara o lanzamento dunha cápsula ao espazo

◆ Os estudantes de 3º de ESO e 1º de Bacharelato do IES Miraflores, dirixidos polas profesoras Raquel Rendo e Rocío Rey, están a participar no proxecto Marumasat II que consistirá no lanzamento dunha cápsula á estratosfera. Con este proxecto preténdese, entre outras cousas, levar a cabo un estudo científico a partir dos datos recabados.

A cápsula estará dotada de instrumental científico e técnico fabricado polo propio alumnado co que se pretende chegar ata os 35.000 metros de altura. O aparello tamén incorpora os equipos audiovisuais necesarios para gravar o ascenso e descenso. Isto permitirá que ademais da análise dos datos, os estudantes editen as imaxes gravadas para montar unha curtametraxe, despois da aterraxe e posterior localización.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2017 ▼

Oleiros homenaxea a figura de Carlos Casares ao longo de todo o mes de maio

◆ O Concello de Oleiros organiza unha ampla programación de actividades para dar a coñecer a figura de Carlos Casares, a historia do Día das Letras e promover a lingua galega. Como todos os anos, os estudantes de secundaria e bacharelato dos institutos públicos recibirán unha publicación municipal sobre a vida e obra de Casares elaborada por profesorado do IES María Casares, Pepe Taboada e Miguel Cuba.

O grupo Gramola Gominola ofrecerá concertos para o alumnado de 1º e 2º de primaria de todos os colexios públicos. Os de 5º e 6º coñecerán a vida e obra de Carlos Casares a través dunha xincana literaria. Ademais, en todas as escolas realizarase unha lectura lúdica e participativa do primeiro libro infantil publicado por Carlos Casares, *A galiña azul*.

Nas bibliotecas municipais realizaranse numerosas actividades para os escolares: conferencias, contacontos, concertos, ... Fóra do horario lectivo, haberá máis propostas para o público infantil -ás **18:30 horas** en todos os casos-.

- **BIBLIOTECA ROSALÍA DE CASTRO. SANTA CRUZ**
Día 10: *Galiñas azuis e laranxas laranxas* con **Paula Carballeira**
- **BIBLIOTECA MARIA JOSÉ RUSO. DORNEDA**
Día 15: *Contos miudiños* con Carlos Casares con **Marisa Irimia**
- **BIBLIOTECA MANUEL MARÍA. OLEIROS**
Día 16: *Contos a esgalla!* con **Ramiro Neira**
- **BIBLIOTECA RIALEDA. PERILLO**
Día 18: *Contos de laranxas azuis* con **Paula Carballeira**
- **BIBLIOTECA XOGRAR MENDIÑO. LORBÉ**
Día 18: *De illas e tesouros Galicia está chea* con **Soledad Felloza**
- **BIBLIOTECA Mª JOSÉ TRINCADO. MERA**
Día 19: *Non é ningún conto!* con **Ramiro Neira**
- **BIBLIOTECA ÁNXEL FOLE. NÓS**
Día 19: *O carteiro en bicicleta* con **Caxoto**

Pola súa parte, o alumnado de Folk e das Colectivas de Gaita e de Acordeón da Escola Municipal de Música de Oleiros ofrecerán un **concerto na Fábrica o 24 de maio ás 18:30 horas**. Os músicos e músicas encherán o auditorio dos ritmos tradicionais da nosa música para homenaxear a nosa lingua e a Carlos Casares.

Unha primavera chea de viaxes ▼

◆ O Concello de Oleiros ten programadas catro excursións a diversos lugares de Galicia e á cidade de Valencia para os vindeiros meses. En todos os casos están dirixidas a un público familiar, pero tamén poderán participar menores de idade acompañados por un adulto. Todas aquelas persoas interesadas en apuntarse poderán informarse e inscribirse persoalmente no Departamento de Cultura (A Fábrica), no teléfono 981 610 000 (extensións 4915 e 4916), ou nos enderezos electrónicos: cultura@oleiros.org e r.caparros@oleiros.org.



CAMIÑO DE SANTIAGO: 29 DE ABRIL

Realizarase unha ruta de interpretación ambiental e cultural polo Camiño de Santiago, no tramo entre Portomarín e Palas de Rei. A distancia a percorrer é de 25 km e está cualificada como de dificultade media.



AS FRAGAS DA PONTENOVA: 27 DE MAIO

A viaxe transcorrerá pola zona da Fonsagrada. Visitaranse os fornos de Vilaudriz da Pontenova, A Seimeira, a fraga da Reigadas, a fervenza do Pozo da Chamosa, Vilarxubín, o bosque, o muíño e fervenza da Seimeira, Carballido, o Río Eo e a Ferrería de Bogo. A distancia a percorrer é de 16 km e está cualificada como de dificultade media.



COSTA DA MORTE: 17 DE XUÑO

O percorrido comezará no porto de Laxe e rematará no porto de Arou, pasando pola punta e o faro da Insua, a Casa dos Arcos, o areal de Soesto, e a lagoa e a praia de Traba. Ademais realizarase unha visita guiada ao Museo de Man. A distancia a percorrer é de 19,5 km e está cualificada como de dificultade media-baixa.

As bibliotecas municipais acollen múltiples actividades para nenas e nenos de entre 1 e 10 anos

◆ Durante os vindeiros meses as bibliotecas municipais ofrecerán unha ampla variedade de contacontos e obradoiros para as nenas e os nenos de entre 1 e 10 anos. Con estas actividades, o Goberno municipal fomenta o pracer pola lectura entre os pequenos e pequenas, que se divirten escoitando contos e descubren a riqueza dos libros. Para participar en calquera das actividades é preciso reservar praza. Pode facerse desde dez días antes en cada unha das bibliotecas ou a través dunha chamada de teléfono.



• BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA. PERILLO

ABRIL

▶ **Día 27** (18:30 horas): *Amodiño* con **Ramiro Neira**, para nenas e nenos de 1 a 3 anos.

MAIO

▶ **Día 4** (18:30): *Arte nos libros: Picasso* con **Crearte Servizos Culturais**, para nenas e nenos de 7 a 10 anos.



• BIBLIOTECA ROSALÍA DE CASTRO. SANTA CRUZ

ABRIL

▶ **Día 19** (18:30 horas): *Xa chegou!* con **Soledad Felloza**, para nenas e nenos de 1 a 3 anos.

▶ **Día 26** (18:30 horas): *Contos para ler entre liñas* con **Caxoto**, para nenas e nenos maiores de 4 anos.

MAIO

▶ **Día 3** (18:30 horas): *Miauuuu!!!!* con **Ramiro Neira**, para nenas e nenos de 1 a 3 anos.



• BIBLIOTECA Mª JOSÉ TRINCADO. MERA

ABRIL

▶ **Día 21** (18:30 horas): *Os ratiños da caixa* con **O rato Fuco da compañía Trinke Trinke**, para nenas e nenos a partir de 4 anos.

MAIO

▶ **Día 5** (18:30 horas): *Contos de ida e volta* con **Charo Pita**, para nenas e nenos de 1 a 3 anos.



• BIBLIOTECA Mª JOSÉ RUSO. DORNEDA

ABRIL

▶ **Día 24** (17:30 horas): *Obradoiro de maxia* con **Chrystyan Magic**, para nenas e nenos de 7 a 10 anos.

• BIBLIOTECA ÁNXL FOLE

ABRIL

▶ **Día 21** (18:30 horas): *Boa navegación, capitán!* con **Marisa Irimia**, para nenas e nenos de 4 a 8 anos.

MAIO

▶ **Día 12** (18:30 horas): *A merenda!* con **Ramiro Neira**, para nenas e nenos de 1 a 3 anos.



• BIBLIOTECA MANUEL MARÍA. OLEIROS

ABRIL

▶ **Día 18** (18:30 horas): *Viaxe a África* con **A gran Lili Gruyère da compañía Trinke Trinke**, para nenas e nenos de 4 a 8 anos.

MAIO

▶ **Día 2** (18:30 horas): *Contos de camiños sen cancelas* con **Paula Carballeira**, para nenas e nenos de 4 a 8 anos.



• BIBLIOTECA XOGRAR MENDIÑO. LORBÉ

ABRIL

▶ **Día 20** (18:30 horas): *Historias encontradas* con **Pavís Pavós**, para nenas e nenos de 4 a 8 anos.

MAIO

▶ **Día 4** (18:30 horas): *Viaxe a África* con **A gran Lili Gruyère da compañía Trinke Trinke**, para nenas e nenos de 4 a 8 anos.



O roteiro cultural e literario percorrerá as rúas do municipio os días 30 e 31 de maio

◆ O Concello de Oleiros e o IES Miraflores organizan unha nova edición do roteiro cultural e literario que consistirá nun recorrido por distintos lugares do municipio nos que viviron diferentes persoas ilustres, como unha homenaxe a todas elas. Comezará nas Torres de Santa Cruz onde se proxectarán imaxes (acompañadas dunha breve explicación) de diversas obras dos pintores Manuel Abelenda e María Adalid González; seguirá na rúa do Pombal en Perillo para coñecer a casa de Manuel Abelenda para, a continuación, ir ata o Instituto Neira Vilas onde se homenaxeará o escritor Xosé Neira Vilas. O roteiro finalizará no pazo de Lóngora en Montrove, na casa de María Adalid González.

Música, cine e teatro para todos os públicos

■ A programación cultural do Concello de Oleiros para os vindeiros meses mantén a súa aposta pola variedade e a calidade. A diversidade é unha das principais características da axenda de espectáculos que agardan polo público do municipio para esta primavera.

Abril

● **Sábado 22**, ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez de Mera

A cabeza do Dragón, incluída por Valle-Inclán nunha colección de farsas, conta a viaxe ao corazón do dragón que se narra en todas as culturas do mundo. Ana San Martín, Víctor Mosqueira, Iván Marcos, Patricia Vázquez, Josito Porto, Yelena Molina, Marcos Orsi e Quico Cadaval recrean esta fantasía de **Produccións Teatrais Excéntricas**.

■ As entradas poñeranse á venda ás 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.



● **Domingo 23**, ás 19:30 horas
Auditorio da Fábrica de Perillo

Palmeras en la nieve é unha película na que dous irmáns descubren que a vida social nunha colonia española é máis pracenteira que na oprimida e gris España dos anos 50. Mario Casas, Adriana Ugarte, Macarena García, Alain Hernández protagonizan este drama de 163 minutos de duración.

■ As invitacións entregaranse na conserxería a partir das 18:30 horas, ata completar a capacidade da sala.



● **Venres 28 e sábado 29**, ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez de Mera

Luis Davila e Carlos Blanco combinan novamente enxeños e artes para atopar o cóctel perfecto. Desta volta viaxan a Broadway. Cos sachos, claro. E bailan claqué e todo. As risas nesta comedia, que contará con dous pases, están aseguradas... e debuxadas.

■ As entradas poñeranse á venda ás 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.



● **Sábado 29**, ás 18:30 horas
Auditorio da Fábrica de Perillo

A Orixe é un espectáculo dinámico, divertido e didáctico. Percorre a historia do hip hop desde os seus inicios en New York nos anos 60 ata a actualidade. Unha voz radiofónica, diferentes coreografías, atrezzo, gags e expresións teatrais e xestuais axudan a que os espectadores gocen e entendan o que se lles está explicando.

■ As invitacións entregaranse na conserxería a partir das 17:30 horas, ata completar a capacidade da sala.



Maio

● **Domingo 7**, ás 19:30 horas
Auditorio da Fábrica de Perillo

La novia é unha película de Paula Ortiz na que se realiza unha adaptación de *Bodas de sangre*, de Federico García Lorca. Cando se achega a data da voda as cousas complícanse entre tres persoas. Inma Cuesta, Asier Etxeandia, Álex García protagonizan este drama de 163 minutos de duración.

■ As invitacións entregaranse na conserxería a partir das 18:30 horas, ata completar a capacidade da sala.



● **Sábado 13**, ás 20:30 horas
Auditorio da Fábrica de Perillo

A banda holandesa **Alien Moon** ofrece un concerto no que realiza un percorrido por diferentes temas de pop, rock e blues desde os anos 60 ata os 90. Algúns dos artistas versionados serán David Bowie, The Velvet Underground, Super Grass, Neil Young, Deep Purple ou Jimi Hendrix.

■ As invitacións entregaranse na conserxería a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.



● **Mércores 17**, ás 19:30 horas
Auditorio da Fábrica de Perillo

A praia dos afogados é unha película galega dirixida por Gerardo Herrero. O inspector Leo Caldas introdúcese no ambiente mariñeiro dun pobo costeiro para esclarecer o crime de Justo Castelo, que aparece morto coas mans atadas e que, supostamente, atopou a tumba entre as augas mentres faenaba.

■ As invitacións entregaranse na conserxería a partir das 18:30 horas, ata completar a capacidade da sala.



● **Sábado 20**, ás 20:30 horas
Auditorio da Fábrica de Perillo

Xabier Díaz, Adufeiras de Salitre, Gutier Álvarez e Javier Álvarez presentarán en Oleiros o seu novo proxecto: **The Taumborina man**. O espectáculo musical está preparado para invadir con muiñeiras e pasodobres os escenarios galegos.

■ As entradas poñeranse á venda ás 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.



CONCIÉNCIATE!

Tes que arrincar ou queimar con herbicidas os PLUMACHOS que teñas na túa propiedade.



TRIBUNA ABERTA

■ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Recordamos que a extensión máxima debe ser de 1.000 caracteres. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escribenos ao enderezo electrónico comunicación@oleiros.org*

FALSA DEMOCRACIA

Cando unha democracia onde os 'poderes fácticos' impoñen os seus gobernantes a favor dos intereses económicos propios utilizando un brutal apoio, TV, medios informativos (prensa, radio, etc...) é unha falsa democracia. O simple feito de usar esta palabra non significa que sexa certo. Como se recupera? Combatendo a ignorancia. Un pobo así é manipulable. Grupos que intentan abrirlle os ollos os cidadáns son automaticamente asoballados pola maquinaria de ese poder.

Cando se conculcan normas, dereitos ou leis estase a machucar a Democracia. Cando se carece dunha xustiza independente, que propicia a saída a escena de 'xuíces estrela', non hai DEMOCRACIA.

A corrupción política e social que nestes intres enmerda o noso País avala o que estou a dicir. Os aforamentos desorbitados existentes e que este novo Parlamento da Nación ía estudar e rebaixar, se cabía, ata unha ducia de beneficiados, xa está esquecido. Mentres o Título I, Capítulo 3, Artigo 47 da Constitución di "que toda persoa ten dereito a gozar dunha vivenda digna" e haxa desafiuzamentos non haberá DEMOCRACIA.

Mentres haxa Pujoles, Mases, Bárcenas, Ratos, Blesas, usureiros bancarios, etc... Urdangaríns, Infantas Cristinas, ERES andaluces, Gurtels, etc... toda esa fauna corrupta que se pensa inviolable, non é posible que se chame DEMOCRACIA.

Mentres haxa un Alcalde que transmita, a través dos medios de comunicación, a súa desconformidade polo que considera unha irregularidade o proceder dunha xuiza, que inxustificadamente retrasou anos o veredicto dunha causa, e sexa condenado economicamente non hai DEMOCRACIA. Quen vulga os xuíces? Un Tribunal formado por maxistrados, ou sexa, corporativismo. Aquí non exerce un xurado do pobo. So cabe a tendencia dun grupo profesional a defender a todo trapo os intereses e dereito de grupo, sen ter en conta nin a xustiza nin as implicacións ou prexuízos que poidan causar a terceiros. Con estes vimbios non se garante a palabra DEMOCRACIA. É un insulto.

J.L.P.R. - Montrove (Liáns)

Compromiso e resistencia

Son moi poucos, ou case ningún, os políticos que se atopan na primeira liña e que se atreven a dar a cara. Un deles é o noso alcalde, unha persoa honesta á que quixeron derrotar en numerosas ocasións con falsas acusacións vomitivas e que, a pesar de todas esas campañas orquestradas desde os grandes

poderes do Estado, segue con máis forza que nunca liderando un proxecto político que implantou en Oleiros. Un proxecto ideolóxico moi claro, cos maiores niveis de prosperidade e benestar que existen a día de hoxe en toda Galicia.

A última acometida que sufriu Gelo foi unha sentenza que o condena a pagar máis de 30.000 euros por informar, nunha rolda de prensa, da infracción urbanística que cometeu unha xuiza. Que nun Estado democrático se lle impoña esa sanción a unha persoa por dar unha información veraz sobre uns feitos é gravísimo. Onde queda a liberdade de expresión?

Pero se xa de por si a sentenza é lamentable, máis lamentable son aínda todos eses demócratas que se alegran desta sanción. Vaia elementos! Son os mesmos aos que se lles enche a boca reclamando dereitos para outros países e que sempre esquecen os niveis de corrupción, supresión de dereitos e vulneracións xudiciais existentes en España.

Alternativa dos Veciños, de xeito moi acertado, conseguiu darlle a volta á situación. A través dunha campaña levada a cabo de xeito moi intelixente conseguiu que a inxusta sanción imposta a Gelo se convertera nunha mostra do compromiso e da resistencia existente nunha parte importante da sociedade. De aí que o que nun primeiro momento podería considerarse unha derrota das persoas que como Gelo parten a cara diante de quen faga falta, acabou por converterse nunha gran vitoria de todos os que estamos fartos desa casta que domina as nosas vidas desde os mandos de poder do Estado español. Adiante Gelo! Adiante Alternativa dos Veciños!

María Rodríguez - Perillo

Por un acceso ao mar seguro

Cada día que o mar se pon un pouco bravo, que non moito, temos que "emigrar" de Mera. Quedamos unha hora antes do previsto, ás 20:00 horas, para cargar todo no remolque: zodiac, remos e traíñeira. Entre cargar e desprazaranos ata Perillo, Sada ou Lorbé xa nos poñemos nas 21:00 horas. Logo botamos dúas horas no mar adestrando e volve-mos cargar todo outra vez para regresar a Mera. Cando rematamos de descargar e gardar o material no náutico municipal son, habitualmente, as 00:00 horas.

Temos a sorte de vivir nun municipio aberto ao mar, cunha costa fermosa da que podemos gozar grazas ás numerosas sendas, paseos e praias que o Goberno municipal construíu e liberou das mans dos falcatrueiros que querían destruír o noso municipio para o seu pro-

pio beneficio. A pesar diso, os que queremos remar ou os que queren gozar da pesca deportiva na nosa baía non podemos facelo, salvo os días nos que o mar está moi calmo, xa que Portos de Galicia ten completamente abonado o Porto de Mera. Usar o peirao da nosa localidade supón un importante risco para a seguridade das persoas debido aos rebotes que se producen pola falta de calado.

Non queremos ningún porto deportivo, nin que se destrúa a nosa paisaxe, nin que se atente contra a conservación do medio ambiente. Simplemente demandamos un acceso ao mar seguro, que nos permita gozar do mar da nosa baía durante todo o ano. Non imos conformarnos con ser uns veraneantes máis deses que só veñen a Mera cando se pode ir á praia.

A.C.T. - Mera

Oleiros, o carril bici e os ciclistas

O Concello de Oleiros e o seu alcalde, unha vez máis, toman a iniciativa en proxectos que recaen na calidade de vida dos cidadáns. O carril bici ten 3 grandes vantaxes: reduce a contaminación ao alentar ao cidadán a substituír o coche nos seus desprazamentos, permite circular con seguridade ao evitar o tráfico e evita as caravanas de coches detrás dos ciclistas na estrada. É esta, a última vantaxe, o motivo da miña carta.

É habitual ver ciclistas na estrada provocando interminables caravanas. Eu son ciclista desde hai 20 anos e sabemos que a bicicleta ten que compartir o espazo cos automóviles e convivir xuntos. Mais cando hai un carril bici é incoherente e irracional ver en verán caravanas de 20-30 coches detrás dunha bicicleta mentres que, a dous metros, discorre o carril bici baleiro.

Nalgúns tramos de Oleiros podería haber un carril máis para coches, porén se lle quita ao automobilista ese espazo para darllo ao ciclista ademais de facer unha inversión millonaria. Non ten sentido ver unha bici na calzada.

É certo que ás veces hai que atravesar pasos de peón e tamén que ás veces non está tan limpo como a estrada, mais iso non é xustificación para martirizar a centos de coches para que ese ciclista decida por onde ir. Quizais crese máis importante que os 30 coches que leva detrás en caravana.

Temos o mellor alcalde de España, mais non sei si el poderá facer algo con estes ciclistas prepotentes e egoístas.

Carlos García - Bastiaqueiro

Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

981 610 000

Concello de Oleiros 981 610 000

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	881 960 405
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Protección Civil	981 636 933
Oficina Turismo	981 904 052

Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 626 497
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083
Complexo deportivo de Oleiros	981 611 338
Complexo deportivo de Perillo	981 634 030
Complexo deportivo de Dorneda	981 614 430
Piscina Municipal da Fábrica	981 639 506

Centros educativos

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
EI A Pardela / Os Regos	981 631 788
EI As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	881 880 858
IES Miraflores / Oleiros	881 880 845
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luís Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	881 960 324
CEIP A Rabadeira / Oleiros	881 960 270
CEIP Juana de Vega / Nós	881 960 947

Bibliotecas

Central Rialeda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201

Querida lúa

O ciclo da lúa

Chea	10 maio / 9 xuño / 9 julio
Mingua	19 abril / 19 maio / 17 xuño
Nova	26 abril / 25 maio / 24 xuño
Medra	3 maio / 1 xuño / 1 xullo

Transportes

En Oleiros TAXI a domicilio no 981 243 333

Horarios Cal Pita

Aeroporto de Alvedro 981 187 200

Estación autobuses A Coruña 981 184 335

Estación FFCC San Cristovo 902 432 343

1 > A Coruña > Fonteculler > Fonteculler > San Pedro <	Laborables Ida 6:45 ■ 6:55 ■ 7:10 ■ 7:25 ■ 7:35 ■ 7:45 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Volta 7 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Sábados Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30'. Volta 7:30 a 22:30 cada 30' Domingos e festivos Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30'. Volta 7:30 a 22:30 cada 30'
2 > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros <	Laborables Ida 7:05 a 22:05 cada hora. Volta 7:35 a 22:35 cada hora Sábados Ida 8:05 a 20:05 cada hora. Volta 8:35 a 20:35 cada hora Domingos e festivos Ida 10:05 a 20:05 cada hora. Volta 10:35 a 20:35 cada hora
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida 7:05. Volta 7:30 Sábados Ida 8:05 ■ 14:05. Volta 8:30 ■ 14:30 Domingos e festivos Ida 10:05 ■ 14:05. Volta 10:30 ■ 14:30
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Pousada <	Laborables Ida 16:05. Volta 16:35 Sábados Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35 Domingos e festivos Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35
3 > A Coruña > Perillo > Nós > O Carballo > Oleiros > Sada <	Laborables Ida 6:55 a 20:55 cada hora ■ último ás 22. Volta 6,55 a 21:55 cada hora Sábados Ida 6:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 7:55 a 21:55 cada 2 horas Domingos e festivos Ida 8:55 ■ 10:55 ■ 13:55 ■ 14:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 9:55 a 21:55 cada hora
4 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Sada <	Laborables Ida 6:25 a 21:25 cada hora. Volta 6:25 a 21:25 cada hora Sábados Ida 6:25 ■ 8:25 a 20:55 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:25 a 21:25 cada hora Domingos e festivos Ida 8:25 a 20:25 cada hora. ■ Último ás 22. Volta 8:25 a 21:25 cada hora
6 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta <	Laborables Ida 6:50 ■ 7:10 ■ 13:05 ■ 7:40 a 20:40 cada hora. ■ De 8 a 12 cada hora ■ De 14 a 20 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:10 a 21:10 cada hora ■ De 7:30 a 19:30 cada hora ■ 20:50 ■ 22:30 Sábados Ida 8:50 ■ 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 9:10 a 21:10 cada hora Domingos e festivos Ida 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 10:10 a 21:10 cada hora
6a > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Oleiros 8 ■ a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8:40 ■ a Soñeiro 20:40
6b > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Franzomel > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Soñeiro 13:10. Volta de Soñeiro 13:50 Sábados Ida a Oleiros 11 ■ 21:10. Volta de Oleiros 11:30 ■ 21:45 Domingos e festivos Ida a Oleiros 10:20 e 13:10. Volta de Oleiros 10:45 ■ 13:35
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz <	Sábados, domingos e festivos Ida 10 a 21 cada hora Volta 10:30 a 21:30 cada hora
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cristina <	Luns a domingos Ida 10:20 a 20:20 cada hora Volta 10:50 a 20:50 cada hora



35.558 habitantes empadroados/as!

Ata o 7 de abril, o padrón do Concello distribuído por parroquias é:

DEXO (Santa María)	1.349
DORNEDA (San Martiño)	3.459
IÑÁS (San Xurxo)	1.207
LIÁNS (Santa Eulalia)	10.399
MAIANCA (San Cosme)	1.409
NÓS (San Pedro)	4.723
OLEIROS (Santa María)	2.995
PERILLO (Santa Leocadia)	8.454
SERANTES (San Xulián)	1.563
TOTAL	35.558

FARMACIAS DE GARDA

Datas

<ul style="list-style-type: none"> MARTA VIGUERA MOSQUERA Mera-Rúa Miramar, nº 4 (Serantes) • Teléfono: 981 617 937 	Do 14 ao 20 de abril Do 30 de xuño ao 6 de xullo
<ul style="list-style-type: none"> JOSE CARLOS PIN PEREIRAS Avda. Rosalía Castro, nº 247 (Perillo) 	Do 21 ao 27 de abril Do 7 ao 13 de xullo
<ul style="list-style-type: none"> Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247 (Nós) • Teléfono: 981 663 890 	Do 28 de abril ao 4 de maio Do 14 ao 20 de xullo
<ul style="list-style-type: none"> FERNANDO JOSÉ RODRÍGUEZ GARFIA Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6 (Liáns) • Teléfono: 981 614 503 	Do 5 ao 11 de maio Do 21 ao 27 de xullo
<ul style="list-style-type: none"> Mª TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina, nº 95 (Dorneda) • Teléfono: 981 648 440 	Do 12 ao 18 de maio Do 28 de xullo ao 3 de agosto
<ul style="list-style-type: none"> MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, nº 4 (Liáns) • Teléfono: 981 614 184 	Do 19 ao 25 de maio
<ul style="list-style-type: none"> PABLO DURÁN LOSADA Rúa Viñas de Babilonia, nº 8 (Liáns) • Teléfono: 981 923 845 	Do 26 de maio ao 1 de xuño
<ul style="list-style-type: none"> PEDRO JOSÉ IGLESIAS PASTORIZA Avda. Ernesto Ché Guevara, nº 16 (Perillo) • Teléfono: 881 963 932 	Do 2 ao 8 de xuño
<ul style="list-style-type: none"> JAVIER SUÁREZ NEIRA Rúa Golfiño, nº 121 (Dexo) • Teléfono: 981 628 165 	Do 9 ao 15 de xuño
<ul style="list-style-type: none"> LAURA PEÑALVER GARCÍA Avda. As Mariñas, nº 54 (Parque comercial de Iñás) 	Do 16 ao 22 de xuño
<ul style="list-style-type: none"> SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1- A (Oleiros) • Teléfono: 981 610 027 	Do 23 ao 29 de xuño

O Concello xa é propietario dos terreos do novo parque de Bastiagueiro

• *As vindeiras semanas comezan os traballos de adecuación deste gran espazo público*



◆ O Concello adquiriu recentemente os 70.000 metros cadrados que darán continuidade ao parque das Galeras, entre a praia de Bastiagueiro e o porto de Santa Cruz. O Concello está a elaborar un proxecto para o tratamento desta área como parque natural. Está prevista a creación de sendas que darán continuidade as xa existentes no propio parque, un imponente miradoiro sobre a praia de Bastiagueiro e unha área de aparcamentos para os usuarios deste novo espazo público.

Co obxectivo de conservar e respectar as especies existentes na zona, realizarase a menor intervención posible. A zona húmida situada no medio do parque quedará delimitada pola propia vexetación. Recuperarase unha antiga baixada á praia e conservarase a que está actualmente en uso. O proxecto foi elaborado polo técnico municipal David Puñal, xefe do servizo municipal de parques e xardíns.

